





ACTUALIZACIÓN SITUACIÓN METEOROLÓXICA DÍAS 23 AO 26 XANEIRO

Martes 23 – Xaneiro: Continuamos nunha situación intermedia entre as baixas presións atlánticas e o anticiclón dos Azores, aínda que máis no lado anticiclónico. Isto deixará unha xornada de ventos do suroeste que soprarán con intervalos de moderado no litoral, especialmente entre Bares e Fisterra. No litoral atlántico teremos chuva débil e ocasional. O mar de fondo seguirá chegando do noroeste, pero con ondas de menos de 4 metros de altura.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do martes 23 de xaneiro


Mércores 24 – Xaneiro: As altas presións localizadas sobre a península Ibérica collerán a Galicia no seu radio de acción neste día, polo que a estabilidade será predominante. Tempo seco con ceo maioritariamente despexado. Vento escaso de dirección variable, aínda que no litoral atlántico podería predominar o vento sur. Mar de fondo do noroeste, aumentando novamente e superando os 4 metros no litoral o que ocasionará un aviso amarelo na segunda metade do día.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do mércores 24 de xaneiro




Xoves 25 – Xaneiro: Galicia atoparase un día máis na influencia das altas presións atlánticas, polo que continuaremos con tempo seco e ceo parcialmente nubrado. As temperaturas serán moi suaves e os ventos soprarán do suroeste no litoral atlántico, pero en xeral con escasa intensidade. O mar de fondo continuará chegando do noroeste con ondas de 3 a 4 metros.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do xoves 25 de xaneiro

Venres 26 – Xaneiro: As altas presións e a estabilidade atmosférica continuarán sendo as características predominantes do tempo en Galicia. Ausencia de precipitacións e temperaturas elevadas durante a tarde con vento case en calma, tomando unha compoñente norte no litoral. O mar de fondo tenderá a aumentar a medida que avance o día para superar os 4 metros ao final da xornada..



Ventos e correntes previstas para o mediodía do venres 26 de xaneiro

**Valoración sobre a chegada dos granulados ao litoral de Galicia**

Os ventos continuarán soprando durante a xornada de hoxe de compoñente sur, pero xa con tendencia a amainar e nos seguintes días teremos altas presións. A partir do mércores os ventos serán pouco intensos, con intervalos de calma bastante prolongados. Todas estas situacións non son propicias para a chegada dos granulados que continuarán dispersándose polo tanto en mar aberto.

Información sobre as mareas:

Martes, día 23

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	02:42	3.4	Preamar	02:19	3.2	Preamar	02:25	3.2
Baixamar	08:57	1.1	Baixamar	08:38	1.1	Baixamar	08:42	1.0
Preamar	15:09	3.2	Preamar	14:46	3.1	Preamar	14:53	3.1
Baixamar	21:06	1.1	Baixamar	20:45	1.1	Baixamar	20:51	1.1

Mércores, día 24

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	03:27	3.5	Preamar	03:04	3.4	Preamar	03:10	3.4
Baixamar	09:42	1.0	Baixamar	09:21	0.9	Baixamar	09:27	0.9
Preamar	15:52	3.3	Preamar	15:28	3.2	Preamar	15:35	3.2
Baixamar	21:47	1.0	Baixamar	21:25	1.0	Baixamar	21:31	1.0

Xoves, 25 Xaneiro

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	04:07	3.6	Preamar	03:43	3.5	Preamar	03:49	3.5
Baixamar	10:21	0.9	Baixamar	09:59	0.8	Baixamar	10:05	0.8
Preamar	16:29	3.4	Preamar	16:06	3.2	Preamar	16:12	3.3
Baixamar	22:23	0.9	Baixamar	22:01	0.9	Baixamar	22:07	0.9



Venres, 26 Xaneiro

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	04:42	3.7	Preamar	04:19	3.6	Preamar	04:25	3.6
Baixamar	10:56	0.8	Baixamar	10:34	0.8	Baixamar	10:40	0.7
Preamar	17:02	3.5	Preamar	16:40	3.3	Preamar	16:46	3.3
Baixamar	22:57	0.9	Baixamar	22:35	0.9	Baixamar	22:41	0.8

Datos en tempo real:

Meteorolóxicos:

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexVisor.action>

Océano-meteorolóxicos:

<http://www.intecmar.gal/Plataformas/plataformas.aspx>

Máis información dos modelos:

<https://www.meteogalicia.gal/modelos/inicio.action>